

INNOVASAÚDE E H2050

Os programas InnovaSaúde e Hospital 2050 (H2050) foron lanzados en 2011 como a iniciativa de compra pública innovadora na área da saúde **máis ambiciosa de España ata daquela**.

O proceso iniciouse con peticións ao mercado de solucións avanzadas para:

- **Impulsar un sistema de saúde máis seguro**, eficiente, intelixente e centrado no paciente.
- **Mellorar os procesos intrahospitalarios**.
- **Crear novos servizos** capaces de habilitar o desenvolvemento do hospital do futuro.

A través **dunha aposta de investimento sen precedentes**, acadouse non só un catálogo de novos produtos e servizos que marcarán un salto cualitativo na prestación de servizos de saúde en Galicia, senón tamén oportunidades de comercialización no mercado exterior e o desenvolvemento dunha sofisticada estrutura de apoio a proxectos de innovación que continúa evolucionando.



1. InnovaSaúde	>
2. H2050	>